

IV. OPOSICIONS E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Resolución do 21 de outubro de 2003, da Dirección Xeral de Persoal, pola que se regula a fase de prácticas establecida na Orde do 6 de marzo de 2003 (Diario Oficial de Galicia do 14 de marzo), pola que se convocaba concurso-oposición para ingreso no corpo de mestres en expectativa de ingreso na Comunidade Autónoma de Galicia, así como a adquisición de novas especialidades.

A Orde do 6 de marzo de 2003 (DOG do 14 de marzo) establece no punto 60 a necesidade de realiza-las prácticas docentes previas ó nomeamento dos interesados como funcionarios de carreira, co obxecto de valora-las súas aptitudes para a docencia, quedando dispensados da fase de prácticas os que prestasen servicios docentes como funcionarios de carreira en centros públicos durante un tempo mínimo dun curso escolar, sempre que o nomeamento fose expedido pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Ministerio de Educación, Ciencia e Deportes ou comunidades autónomas con competencias plenas en materia de educación, con asignación de número de rexistro persoal.

En virtude do establecido na citada orde, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro.-Para a avaliación da fase de prácticas dos aspirantes a ingreso no corpo de mestres serán designadas dúas comisións cualificadoras, unha para as especialidades de idioma estranxeiro: inglés, educación física e música e outra para as especialidades de educación infantil, pedagogía terapéutica e audición e linguaxe, formadas por especialistas e que terán a seguinte composición:

-Un inspector técnico de educación, que será o presidente.

-Dous vocais, funcionarios do corpo de mestres, especialistas na área pola que superaron o proceso selectivo os aspirantes.

Segundo.-Os compoñentes das comisións serán designados pola Dirección Xeral de Persoal da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Terceiro.-A Inspección Educativa poderá visita-los mestres en prácticas e emitirá un informe sobre o desenvolvemento da súa función, que será tido en conta pola comisión avaliadora.

Cuarto.-Cada mestre en prácticas elaborará unha programación correspondente á área ou especialidade pola que opositou. De non impartir-la docencia nesa área ou especialidade, realizará a programación da que imparte maior número de horas, indicando brevemente obxectivos, contidos básicos, actividades, metodoloxía e criterios de avaliación.

Esta programación debe estar acorde co proxecto curricular do centro. O mestre en prácticas poderá solicitar do coordinador do departamento didáctico respectivo orientación e información para a súa realización.

O mestre en prácticas remitiralle, entre o 11 e o 22 de marzo de 2004, á Dirección Xeral de Persoal da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria-San Caetano-Santiago de Compostela a programación elaborada, que levará o visto e prace do coordinador do departamento didáctico ou, no seu defecto, do director do centro e unha breve memoria da súa actividade docente, referida á aplicación da citada programación, coordinación co departamento didáctico e co equipo docente, desenvolvemento da función tutorial e avaliación.

O mestre aplicará a programación ó longo do curso 2003/2004, coas modificacións máis oportunas, se é o caso, para o mellor aproveitamento dos seus alumnos.

Quinto.-Na primeira quincena do mes de abril de 2004 reuniranse as comisións avaliadoras e cualificarán as programacións e memorias presentadas.

As comisións avaliadoras poderán pedir información dos directores, xefes de estudio e coordinadores de departamento didáctico. A avaliación final da fase de prácticas reflectirase nunha acta coa cualificación de apto ou non apto.

Os aspirantes declarados non apto perderán todos os dereitos ó seu nomeamento como funcionarios de carreira, segundo o establecido no punto 61 da orde de convocatoria do 6 de marzo de 2003 (DOG do 14 de marzo).

Sexto.-No suposto de que unha vez recibida pola comisión avaliadora toda a información pertinente e, como consecuencia dela, se considere procedente formular un xuízo negativo sobre o candidato, polo menos dous membros da comisión deberán establecer contacto persoal con el e observar directamente o desenvolvemento da súa función docente e da súa función como membro do departamento didáctico correspondente e informarán o outro membro da comisión das conclusións ás que cheguen na súa tarefa avaliadora.

As comisións avaliadoras non poderán redactar acta definitiva con apto ou non apto sen a presenza, cando menos, de dous dos seus membros.

Sétimo.-Para efectos do establecido no punto 60 da Orde do 6 de marzo de 2003 (DOG do 14 de marzo), establécese como duración da fase de prácticas ata o 31 de marzo de 2004.

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2003.

Severino Somoza Gómez
Director xeral de Persoal

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Resolución do 3 de outubro de 2003 pola que se fai pública a designación da comisión que resolverá o concurso para a provisión da praza número 01/150 de profesor titular de universidade convocado por esta universidade.

En cumprimento do disposto no artigo 6.º do Real decreto 1888/1984, do 26 de setembro, modificado polo Real decreto 1427/1986, do 13 de xuño, e unha vez designados o presidente e o vocal secretario por esta universidade e realizado o oportuno sorteo establecido no artigo 6.º do mencionado real decreto, mediante o que foron designados polo Consello de Coordinación Universitaria os vocais correspondentes.

Este rectorado fai pública a composición da comisión que resolverá o concurso para a provisión da praza de profesorado desta universidade número 01/150, convocado por Resolución do 13 de novembro de 2001 (BOE do 27 de novembro), comisión que se relaciona como anexo a esta resolución.

A citada comisión deberase constituír nun prazo non superior a catro meses, contado desde a publicación desta resolución no *Boletín Oficial del Estado*.

Contra esta resolución os interesados poderán presentar reclamación perante o rector da universidade no prazo de quince días hábiles a partir do seguinte ó da súa publicación.

A Coruña, 3 de outubro de 2002.

P.D. (Resolución 26-9-2003)

Eliseo Alfonso Barca Lozano

Rector da Universidade da Coruña en funcións

Praza de: profesor titular de universidade.

Área de coñecemento: xenética.

Praza nº: 01/150.

Comisión titular:

Presidenta: Méndez Felpeto, Josefina, catedrática de universidade. Universidade da Coruña.

Secretario: Pérez de la Vega, Marcelino, catedrático de universidade. Universidade de León.

Vocais:

Pérez Eslava, Arturo, catedrático de universidade. Universidade de Salamanca.

Real García, María Dolores, profesora titular de universidade. Universidade de Valencia (Estudi General).

González Matilla, Ana María, profesor titular de universidade. Universidade da Laguna.

Comisión suplente:

Presidente: Jouve de la Barreda, Nicolás G., catedrático de universidade. Universidade de Alcalá de Henares.

Secretaria: Puertas Gallego, M. Jesús, catedrática de universidade. Universidade Complutense de Madrid.

Vocais:

Frutos Illán, M. Rosa de, catedrática de universidade. Universidade de Valencia (Estudi General).

Domínguez Sanjurjo, Ana María, profesora titular de universidade. Universidade de Oviedo.

Carracedo Cabanas, M. del Carmen, profesora titular de universidade. Universidade de Oviedo.

UNIVERSIDADE DE VIGO

Resolución do 6 de outubro de 2003 pola que se nomea profesora titular de escola universitaria da área de coñecemento de fisioterapia, do departamento de Biología Funcional e Ciencias da Saúde, a Alicia González Represas (praza 181/2001).

Consonte a proposta formulada pola comisión constituída para xulga-lo concurso, convocado por resolución desta universidade do 20 de novembro de 2001 (BOE do 14 de decembro), para a provisión dunha praza de profesora titular de escola universitaria da área de coñecemento de fisioterapia, do departamento de Biología Funcional e Ciencias da Saúde, en prol de Alicia González Represas, con documento nacional de identidade número 36113175-R, e cumprindo a interesada os requisitos do punto 2º do artigo 5 do Real decreto 1888/1984, do 26 de setembro,

Este rectorado, en uso das atribucións conferidas polo artigo 42 da Lei 11/1983, do 25 de agosto, de reforma universitaria, e demais disposicións que a desenvolven, resolveu nomear a Alicia González Represas, profesora titular de escola universitaria da área de coñecemento de fisioterapia, do departamento de Biología Funcional e Ciencias da Saúde.

Este nomeamento producirá plenos efectos a partir da correspondente toma de posesión pola interesada, que se deberá efectuar no prazo máximo dun mes, contado desde o día seguinte ó da publicación da presente resolución no *Boletín Oficial del Estado*.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso ante a xurisdicción contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Non obstante, os interesados poderán optar por interpor contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ó da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado* perante o mesmo órgano que a dictou. Neste caso non caberá interpo-lo recurso contencioso-administrativo antes citado namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, modificadora da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Vigo, 6 de outubro de 2003.

Domingo Docampo Amoedo
Rector da Universidade de Vigo